

Si la anterior resolución iba destinada a las empresas privadas, otra del 7 de octubre de 1998, también del director de HABE (BOPV núm. 193, del 9 de octubre), establece las condiciones para la percepción de subvenciones por los euskaltegis públicos de los ayuntamientos o de las entidades de ellos dependientes, euskaltegis públicos de titularidad municipal, para el curso 1998/99. Como puede verse, existe una red privada, subvencionada, de centros de enseñanza del euskera complementada con otra de naturaleza pública, constituida ésta por los centros municipales. Inicialmente el propio HABE gestionaba directamente centros pero razones de racionalización y redimensionamiento del citado Instituto motivaron el cierre de dichos centros, de tal forma que la red pública está constituida únicamente por los centros municipales, que, en virtud de esta resolución, también reciben ayudas públicas.

4. FOMENTO DEL EUSKERA

Las disposiciones que tenían por finalidad la promoción y el fomento del euskera en el ámbito social —el educativo ha sido objeto del capítulo segundo— fueron publicadas en su totalidad durante el primer semestre del año. En el periodo comprendido entre julio y diciembre de 1998 se hicieron públicos los acuerdos resolutorios relativos a las convocatorias realizadas anteriormente.

I.4. GALÍCIA

Xosé GONZÁLEZ MARTÍNEZ

Xefe do Servizo de Normalización Lingüística
do Concello de Redondela

Consellería da Presidencia e Administración Pública

DESENVOLVEMENTO LEXISLATIVO

Decreto 17/1999, do 21 de xaneiro polo que se determinan os nomes oficiais das parroquias pertencentes ós concellos de Vedra (A Coruña) e Begonte, Carballedo, Chantada, O Corgo, Folgoso do Courel, Friol, Guntín, Lán cara, Outeiro de Rei, Pedrafita do Cebreiro e Ribas de Sil (Lugo) (DOG núm. 25, do 8 de febreiro de 1999).

Quedan aprobados os nomes oficiais de 249 parroquias pertencentes ós concellos que figuran no anexo do presente decreto. A Disposición derradeira establece a entrada en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Orde do 2 de febreiro de 1999 pola que se determinan os nomes oficiais dos topónimos que se relacionan, pertencentes ós concellos de Vedra (A Coruña) e Begonte, Carballedo, Chantada, O Corgo, Folgoso do Courel, Friol, Guntín, Lán cara, Outeiro de Rei, Pedrafita do Cebreiro e Ribas de Sil (Lugo) (*Diario Oficial de Galicia* núm. 25, do 8 de febreiro de 1999).

Queda aprobado máis de un milleiro de topónimos correspondentes ós concellos reseñados. A disposición derradeira establece a entrada en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

FOMENTO

Decreto 7/1999, do 18 de marzo, polo que se regulan as axudas a empresas xornalísticas e de radiodifusión (DOG núm.63, do 5 de abril de 1999).

O Goberno galego pon os adecuados instrumentos de financiamento ó servizo da potenciación e difusión dos medios de comunicación que, ademais de responderen ás devanditas premisas e de acordo cos artigos 1, 5, 27.19-20 e concordantes do Estatuto de Autonomía, defendan a identidade de Galicia e os seus intereses, a súa lingua, a súa cultura, e, en xeral, a galegitude entendida como vínculo histórico dos galegos de dentro e de fóra de Galicia.

O artigo 21 do Decreto sinala que «as axudas teñen por finalidade alenta-la defensa da identidade de Galicia e dos seus intereses, a promoción dos seus valores, a normalización da súa lingua e o afondamento e difusión da súa cultura».

Os criterios de valoración na concesión das axudas basearanse no uso da lingua galega, na tiraxe de exemplares, no número de lectores ou oíntes, etc.

DESENVOLVEMENTO LEGISLATIVO

Orde do 11 de novembro de 1998 pola que se declaran as equivalencias entre distintos cursos e probas de lingua galega (DOG. núm. 240, do 14 de decembro de 1998)

Diversas disposicións normativas foron regulando a validación dos cursos de iniciación e de perfeccionamento a partir da superación de diversas actividades de formación, a través das ordes do 6 de abril de 1983; do 19 de xaneiro, do 28 de marzo e do 25 de abril de 1989; do 26 de novembro de 1993; e do 13 de outubro de 1998.

Asemade, o coñecemento do idioma galego nos niveis de iniciación e de perfeccionamento foise acreditando igualmente mediante a superación de probas libres e mais de cursos celebrados especificamente para estranxeiros.

Por todo isto, o art. 1 desta Orde establece como equivalentes ó certificado acreditativo de ter superado o curso de iniciación de lingua galega:

- a) Os certificados ou diplomas nos que conste a superación de:
 - Unha proba libre de iniciación.
 - Un curso de nivel elemental de lingua e cultura galegas para estranxeiros.
- b) A validación do curso de iniciación.

Do mesmo xeito, o artigo 2.º desta Orde, establece como equivalentes ó certificado acreditativo de ter superado o curso de perfeccionamento de lingua galega:

- a) Os certificados ou diplomas nos que conste a superación de:
 - Unha proba libre de perfeccionamento.
 - Un curso básico de linguaxe administrativa local galega.
 - Un curso de nivel medio de lingua e cultura galegas para estranxeiros.
- b) A validación do curso de perfeccionamento.

Considéranse como equivalentes —art. 3— ó certificado acreditativo de ter superado o nivel medio de linguaxe administrativa local galega ou de linguaxe xurídica galega:

- a) Os certificados ou diplomas nos que conste a superación de:
 - un curso de especialización en lingua galega para profesores de

EXB

— os ciclos elemental e superior dos estudos de galego das escolas oficiais de idiomas

b) A validación do curso de especialización para mestres ou profesores de EXB.

O art. 4 considera como equivalentes ó certificado acreditativo de ter superado os niveis superior de linguaxe administrativa local galega ou de linguaxe xurídica galega:

— A acreditación de ter rematado os estudos correspondentes ás licenciaturas de filoloxía hispánica (subsección galego-portugués) ou filoloxía galega.

As persoas que reúnan as condicións —art. 5— para obter as equivalencias establecidas nos artigos 3 e 4 desta orde considérase que teñen superado, para tódolos efectos, os cursos de iniciación e de perfeccionamento de lingua galega. Estas equivalencias, segundo o art. 6, terán, para calquera trámite administrativo (convocatoria de concursos de traslados, oposicións, etc.) a mesma consideración legal que os cursos presenciais de iniciación e de perfeccionamento de galego.

FOMENTO

Orde do 5 de xaneiro de 1999 pola que se convocan axudas económicas para os proxectos e os traballos dos equipos de normalización lingüística dos centros públicos que imparten ensinanzas de educación infantil, especial, de adultos, primaria, secundaria e formación profesional (DOG núm.11, do 19 de xaneiro de 1999).

Os equipos de normalización, que foron constituídos de acordo co establecido nos decretos 324/1996 e 374/1996, son obxecto de subvencións destinadas a contruibuír ó financiamento daqueles proxectos extraordinarios que incidan na promoción do galego. Os equipos de normalización lingüística dos centros públicos que imparten ensinanzas de educación infantil, especial, de adultos, primaria, secundaria e formación profesional de Galicia, que en 1999 realicen aqueles proxectos e actividades, poderán acollerse ás seguintes axudas:

1. Para a adquisición de material bibliográfico, fonográfico, video-gráfico, informático e lúdico-didáctico impreso, gravado ou elaborado en galego.

2. Os gastos de material necesario para:

a) A organización de programas e actividades en galego que teñan como finalidade o fomento do uso da lingua propia de Galicia entre os distintos compoñentes da comunidade educativa do centro.

b) A elaboración e/ou disposición dos materiais pedagóxicos precisos:

— Para apoio nas áreas ou materias que se deben impartir en galego segundo o preceptuado no Decreto 247/1995 e máis daqueloutras que tamén se impartan en galego de acordo co específico no proxecto curricular do centro.

— Para a elaboración de proxectos que incidan na promoción do galego nas diferentes etapas educativas (entre outros, a realización de prensa escolar en galego).

— Para as adaptacións curriculares que posibiliten a integración lingüística daqueles alumnos, caso de que os haxa no centro, ós que se lles concedese a exención na materia de lingua galega.

Orde do 5 de xaneiro de 1999 pola que se anuncian cursos de iniciación e perfeccionamento de lingua galega para adultos e colectivos da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 13, do 21 de xaneiro de 1999).

Os cursos que se convocan —de iniciación e perfeccionamento— celebraranse nas localidades que determine a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a través da Dirección Xeral de Política Lingüística. O número de asistentes a cada curso será de 20 persoas como mínimo e de 35 como máximo. Os cursos terán unha duración de 75 horas e neles impartiranse os contidos sinalados na Orde do 1 de marzo de 1989, pola que se regulan os cursos de iniciación e de perfeccionamento. A ausencia de cada un dos asistentes non poderá ser superior ó 10% da duración total do curso.

Orde do 12 de xaneiro de 1999 pola que se fai pública a validación de cursos de especialización en lingua galega (DOG núm. 20, do 1 de febreiro de 1999).

Recolle a validación do curso de especialización en lingua galega para os licenciados en filoloxía e diplomados en EXB polas escolas universitarias de formación do profesorado de EXB que posúan os certificados do ciclo elemental e do ciclo superior de galego expedidos polas escolas oficiais de idiomas.

Orde do 14 de xaneiro de 1999 pola que se regula a concesión de subvencións a empresas privadas encamiñadas a aumenta-lo coñecemento e o uso social da lingua galega (DOG núm. 25, do 8 de febreiro de 1999).

A Xunta de Galicia reconece que as empresas privadas, pola súa incidencia e implantación territorial e social, poden constituírse en promotoras da extensión do uso do idioma galego.

A presente orde vai dirixida a empresas privadas legalmente constituídas que promovan o emprego da lingua galega no ámbito económico e mercantil, agás as empresas que elaboren xornais e revistas. Destínanse 67 millóns de pesetas.

Consideraranse criterios preferentes de concesión da subvención, sen orde de prelación, os seguintes tipos de actividades:

1. O fomento do coñecemento e uso social do galego en actuacións de carácter permanente.

2. A creación ou mantemento dun gabinete lingüístico ou a contratación dun asesor ou asesores lingüísticos. Xunto coa solicitude deberase enviar un proxecto coas funcións que vai realizar dentro da empresa (formación, asesoramento, dinamización, etc.)

3. A publicidade da empresa en calquera soporte ou medio e, en especial, a realización de actividades audiovisuais total ou parcialmente publicitarias (por exemplo, a través da radio, a televisión, Internet, etc.).

4. A tradución de documentación, publicacións, etc.

5. A elaboración de documentación permanente da empresa (como manuais ou regulamentos internos, libros de contabilidade, comunicacións, etc.)

6. A modificación, para a lingua galega, do nome comercial, a marca ou marcas colectivas e de garantía.

7. A rotulación permanente exterior ou interior de locais e vehículos.

Orde do 28 de xaneiro de 1999 pola que se regula a concesión de subvencións a empresas editoriais para a edición de libros e materiais didácticos, para niveis non universitarios, impresos en lingua galega (DOG núm. 27, do 10 de febreiro de 1999).

A exposición de motivos da Orde fai referencia ás disposicións legais (Decreto 213/19998, do 10 de xullo, Lei 3/1983 de Normalización Lingüística e Decreto 247/1995, do 14 de setembro), para xustificar as subvencións que se convocan.

A presente orde vai dirixida ás editoriais legalmente constituídas como empresas privadas que elaboren material escolar incluíble no seu ámbito de aplicación. A contía máxima total de 213.900.000 pesetas corresponden ós orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 1999.

Considéranse criterios preferentes de concesión da subvención:

1. O nivel de cumprimento de anteriores compromisos de edición; o incumprimento deles será razón suficiente para a denegación da subvención.

2. A importancia do fondo editorial en galego ou relacionado con Galicia do editor solicitante.

3. A calidade das obras contidas no catálogo, do cal se enviará unha mostra.

Orde do 28 de xaneiro de 1999 pola que se regula a concesión de subvencións ás asociacións e institucións privadas sen fin de lucro e entidades análogas para fomenta-lo coñecemento e o uso social da lingua galega (DOG. núm. 26, do 9 de febreiro de 1999).

A presente orde vai dirixida ás institucións privadas sen fin de lucro legalmente constituídas e entidades análogas, agás as dependentes de entidades locais, as asociacións de pais de alumnos, os movementos de renovación pedagóxica e as diferentes agrupacións das entidades antes citadas.

As subvencións outorgaranse para a realización de actividades, proxectos ou organización doutras actuacións que teñan como finalidade principal o fomento do coñecemento e do uso social da lingua galega.

Os criterios de concesión son:

1. O fomento do coñecemento e o uso da lingua galega en actuacións de carácter permanente.

2. A continuidade no tempo na elaboración de accións de calidade.

3. A tradución de documentación, publicacións, etc.

4. A modificación, para a lingua galega, da razón social da entidade.

5. As publicacións da asociación en calquera soporte ou medio.

Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo

FOMENTO

Orde do 2 de novembro de 1998 pola que se convocan subvencións a empresas editoriais para apoia-la edición do libro en galego, a tradución para o galego, e a edición noutras linguas de obras publicadas orixinariamente en galego (DOG núm.6, do 12 de xaneiro de 1999).

O convencemento de que a capacidade da nosa lingua pode ser portadora de calquera mensaxe, fai que a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, considere importante para os galegos ter acceso ás obras de creación escritas noutras linguas e, ó mesmo tempo, tendo en conta a ca-

lidade que a literatura galega ten acadado nos últimos anos, considera fundamental que as obras escritas en galego poidan ser lidas por outros pobos con lingua de seu para, deste xeito, dar a coñece-la nosa literatura fóra de Galicia.

Na valoración das solicitudes teranse en conta os seguintes aspectos:

— Nivel de cumprimento de anteriores compromisos de edición; o incumprimento deles será razón suficiente para a denegación da subvención.

— Importancia do fondo editorial en galego ou relacionado con Galicia do editor solicitante.

— Calidade das obras contidas no catálogo.

— Esfuerzo que supón para o editor a incidencia da obra en ámbitos de especial importancia cultural pero pouca demanda comercial.

— Importancia do investimento realizado en capital e en persoal pola empresa arredor do libro galego.

— Calidade da obra.

— Continuidade dentro dunha colección.

O artigo 91 dispón na súa base A-1 que «As obras deberán ser publicadas en galego segundo a lexislación vixente (Lei 3/1983, do 15 de xuño, disposición adicional, e Decreto 173/1982, do 17 de novembro).

O artigo 7, base B) especifica que non poderán acollerse ás subvencións desta orde as subvencións para editar en lingua galega obras de carácter non literario, obras orixinais galegas ilustradas en cor e grandes proxectos editoriais, nin subvencións para editar noutras linguas obras publicadas orixinariamente en galego.

Orde do 12 de xaneiro de 1999 pola que se convocan subvencións a empresas para apoia-lo desenvolvemento de proxectos de produción audiovisual en lingua galega (DOG. núm. 16 do 26 de xaneiro de 1999).

Enténdese por desenvolvemento de proxectos o conxunto de operacións que preceden á fase de produción propiamente dita, a rodaxe, dunha obra audiovisual. O dito concepto inclúe, en particular, a redacción do guión, a procura de socios, a preparación do plan financeiro da produción, a elaboración do plan de marketing e de distribución.

Para certos tipos de produción, considéranse como parte integrante do desenvolvemento da obra a investigación gráfica e a realización dun film piloto (para as películas de animación), a busca de arquivos (para as producións que valoren o patrimonio audiovisual europeo) e o desenvolvemento de software específico (para producións multimedia).

A convocatoria de subvención faise mediante réxime de concorrencia competitiva, para apoia-lo desenvolvemento de proxectos de produción

audiovisual. Serán obxecto de subvención o desenvolvemento de tres tipos de proxectos:

- a) Longametraxe cinematográfica.
- b) Series de televisión.
- c) Producións multimedia.

I.5. PAÍS VALENCIÀ

Ernest GONZÀLEZ I FABRA

Tècnic de la Generalitat Valenciana

Durant el període comprés entre els mesos de juliol i desembre de 1998 es tançà l'acord per al dictamen del Consell Valencià de Cultura (cvc) sobre la llengua dels valencians, a què feiem referència en la introducció de la *Crònica* anterior, i que li havia encarregat el president de la Generalitat Valenciana. El cvc, institució col·legiada d'assessorament cultural creada pel mateix Estatut d'autonomia, consultà i rebé informes de gran nombre d'institucions culturals públiques i privades —i també d'associacions que promouen la secessió ortogràfica del valencià. El dictamen, cal dir-ho, es negociava paral·lelament entre els partits polítics i, per tant, té més de pacte polític que d'informe científic. És suficient la seua lectura per adonar-se de la gran quantitat de calculades ambigüitats. És espectacular el circumloqui per a afirmar la unitat de la llengua catalana sense dir-ne català ni esmentar Catalunya: «el valencià, idioma històric i propi de la Comunitat Valenciana, forma part del sistema lingüístic que els corresponents estatuts d'autonomia dels territoris hispànics de l'antiga Corona d'Aragó reconeixen com a llengua pròpia». És just reconèixer, per altra banda, que el dictamen incideix en la necessitat d'augmentar i promoure l'ús social de la llengua catalana en l'àmbit valencià.

Però l'element més rellevant del dictamen ha sigut la recomanació de crear un organisme de caràcter tècnic exclusiu per al valencià (ens de referència, n'hi diu), una acadèmia de la llengua. Això ha sigut recollit pel Parlament valencià, que ha aprovat la Llei 7/1998, de 16 de setembre, que més avall es transcriu, que institueix l'Acadèmia Valenciana de la Llengua. Només el temps podrà aclarir quines conseqüències té el fet que una sola llengua tinga dues institucions filològiques però no deixa de ser paradoxal que, ara, quan fins i tot l'Estat francès ha assumit implícitament, per al nord de Catalunya, la direcció tècnica en matèria lingüística de l'Institut d'Estudis